



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

ANEXO

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

PRESTACIÓN DO SERVIZO DE: “LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS: CENTRO DE SAÚDE”.

EPIGRAFE 1: ORZAMENTO: 32.000 EUROS (IVE engadido)

EPÍGRAFE 2: APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 312.227.00

EPÍGRAFE 3: DURACIÓN DO CONTRATO: 1 ano.

EPÍGRAFE 4: PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRÁMITE: Procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente.

EPÍGRAFE 5: CONSULTA DE PREGOS: Secretaría do Concello de Cambados, en horario de oficina. Os pregos poderán solicitarse o correo electrónico seguinte: contratacion@cambados.es Teléfono: 986520943. Ext. 722.

EPÍGRAFE 6: LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: Rexistro Xeral do Concello de Cambados de 8.30 a 14.30 horas (luns a venres) e de 9.00 a 13.00 horas (sábados).

EPÍGRAFE 7: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: Dez (10) días naturais, contados dende o seguinte á inserción do anuncio de licitación que se publicará no perfil do contratante.

EPÍGRAFE 8: GARANTÍA PROVISIONAL: Non se esixe.

EPÍGRAFE 9: APERTURA DE PLICAS: No lugar día e hora que se sinale no taboleiro de anuncios do concello.

EPÍGRAFE 10: GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DO CENTRO DE SAÚDE DE CAMBADOS.-



**ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS**
(PONTEVEDRA)

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.-

Será obxecto do contrato a prestación dos servizos de limpeza que inclúe a seguinte dependencia:

CENTRO DE SAÚDE

- Inclúe todas as plantas do edificio, oficinas, zonas de acceso e escaleiras e rellanos.
- Inclúe chans, cristais, portas e calquera outro mobiliario ou de decoración que se encontre nas dependencias.
- A periodicidade será a seguinte:
 - o Diariamente: tarefas de baleirado de papeleiras, limpeza e fregado de chan, limpeza de mesas, cadeiras, baldas, mobiliario de calquera tipo e ordenadores, limpeza de baños e aseos con axentes desincrustantes e antical.
 - o Con periodicidade mensual mínima (podendo realizarse máis dunha vez ó mes): limpeza de cristais do edificio por fora e por dentro.
 - o Anualmente: traslado de cortinas e alfombras á tinturería, así como calquera outro elemento que se dispoña.
- Asimesmo, en función do uso das dependencias do Centro de Saúde realizarase limpeza do mesmo segundo as súas necesidades e con periodicidade que sexa precisa e que o interlocutor do Concello estableza.
- Estímase que as horas precisas para realizar as citadas tarefas ascende a 2.500 horas anuais.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.-

2.1. O contrato terá a natureza xurídica de contrato administrativo de servizos regulado no artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP)

2.2. Non que non esté previsto no propio documento do contrato e neste prego, o contrato rexerese, polo disposto na normativa vixente de conformidade co disposto na seguinte prelación de fontes:

- . Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP)



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

. Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, nos aspectos básicos de desenvolvemento non modificados pola LCSP e polo TRLCSP, aprobado polo Real Decreto 1098/2001.

- . Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local
- . Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.
- . ROF, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- . Outras disposicións administrativas aplicables
- . En defecto de dereito administrativo, se estará o disposto no dereito privado.

2.3. O presente contrato non está suxeito a regulación armonizada ao non rebasar o límite de 206.000 euros establecido no artigo 16.1.b) do TRLCSP.

TERCEIRA.- TITULARIDADE DO SERVIZO.-

O servizo obxecto da adxudicación manterá, en todo momento, a natureza de servizo público do Concello de Cambados. A relación que vinculará ó adxudicatario co Concello será a derivada do contrato administrativo de servizos para a limpeza do Centro de Saúde.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato que se formalice terá unha duración de **1 ANO**, contado a partires da data da súa sinatura.

QUINTA.- PREZO DO CONTRATO.-

Fíxase como tipo máximo de licitación a contía de 26.446,28 euros, IVE excluído, elevándose este á cantidade de 5.553,72 €, **totalizando un importe de 32.000 euros.**

O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 312.227.00 do vixente Orzamento 2015, existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena disponibilidad das aportacións que permiten financiar o contrato.

SEXTA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.-



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

A forma de adxudicación será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil do Contratante (Taboleiro de anuncios da páxina web www.cambados.es)

SÉTIMA.- OBRIGAS LABORAIS, DE SEGURIDADE SOCIAL E TRIBUTARIAS DO CONTRATISTA.-

O persoal que contrate o adxudicatario para a execución das prestacións obxecto do contrato, terá a condición de persoal por conta allea do mesmo sen que, en ningún caso, adquira relación laboral co Concello. Respecto ao mesmo o adxudicatario está obrigado a cumprir as súas obrigas en materia de lexislación laboral, Seguridade Social e Seguridade e Saúde no traballo.

A Alcaldía poderá requirir ao adxudicatario do contrato en calquera momento da súa duración, a acreditación documental do cumprimento de todas estas obrigas.

Igualmente correrán a cargo do contratista satisfacer os tributos que lle sexan esixibles polas distintas Administracións Públicas.

OITAVA.- DISPOSICIÓNS RELATIVAS Á LICITACIÓN

8.1. O contrato ao que se refire o presente Prego adxudicarase polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, mediante a utilización de varios criterios de adxudicación.

8.2. Esixencia de clasificación do contratista.- De conformidade co disposto no artigo 65 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato de servizos con presuposto non superior a 120.000,00 euros, non será requisito indispensable para participar no proceso de licitación deste contrato, estar debidamente clasificado polo organismo competente da Administración Pública o que determina a aptitude do empresario para a prestación do obxecto do contrato.

8.3. Con carácter xeral, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en UTE con outros se o ten feito individualmente ou figura en máis dunha UTE.



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

A tódolos efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden, non só o prezo ofertado, senón tamén tódolos gastos que a licitación, adxudicación, formalización e puntual execución do contrato conleven, incluídos os gastos que se deriven da publicación, no seu caso, do anuncio de licitación nos boletíns e diarios oficiais e, no seu caso, e prensa nacional.

8.4. Os interesados presentarán as súas **proposicións en dous sobres, sinalados "A" e "B"**, pechados, identificados, no seu exterior, coa indicación da licitación á que concorran e asinados polo propio licitador ou persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

8.5. O SOBRE "A" relativo á documentación administrativa, que poderá ser orixinal ou copia da mesma que teña carácter de auténtica conforme á lexislación vixente e será a seguinte:

a) Personalidade do contratista. Acreditarase mediante a presentación da documentación que de seguido se relaciona:

a.1) *Empresarios españois.* Os empresarios españois presentarán escritura, documentos de constitución, estatutos ou acto fundacional.

Os empresarios individuais deberán presentar fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade.

a.2) *Para empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea.* Acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

a.3) *Para os demais empresarios estranxeiros.* Acreditarase a súa capacidade de obrar mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

a.4) *UTES.-* Cando dos ou máis empresas acudan á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, debendo indicar en documento privado que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no suposto de resultar adxudicatarios, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a constitúan e a participación de cada un deles. O dito documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión

Ademais, na documentación incluírase, respecto a cada unha das empresas da UTE, o documento actualizado de clasificación e/ou inscrición da empresa expedido polo organismo competente da Administración Pública no que se acredite a aptitude da mesma para a prestación do obxecto do contrato nos termos previstos nos artigos 65 e seguintes do TRLCSP.



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

b) Documentos que acrediten, no seu caso, a representación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán poder bastante ao efecto e fotocopia autenticada do documento nacional de identidade. O poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil nos casos nos que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

c) Declaración, no seu caso, sobre o grupo empresarial ao que pertencen as empresas con indicación das empresas que o compoñen (artículo 86.3 do RGLCAP).

d) Documento actualizado de clasificación e/ou inscrición da empresa, expedido polo organismo competente da Administración Pública, *no que se acredite a aptitude da mesma para a prestación do obxecto do contrato* nos termos previstos nos artigos 65 e seguintes do TRLCSP

e) Solvencia económica e financeira. Acreditarase por calquera dos medios a que se refiren os arts. 75 e 78 do TRLCSP.

f) Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Certificacións ou documentos acreditativos de que o contratista atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou da Seguridade Social ou, asina-la seguinte autorización, que deberá axustarse ao modelo seguinte:

D./D^a. _____, con residencia _____, provincia de _____, rúa _____, nº _____ DNI nº _____ en nome propio ou da empresa _____, que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo de "_____".

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

g) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades: Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

D./D^a _____, con DNI nº _____, e domicilio en _____, provincia de _____, rúa _____ nº _____, en nome propio ou en representación da empresa _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo _____.

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursoa en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da LCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente).



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

h) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do estado ou das comunidades autónomas. Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia .

En todo caso, deberán acompañar á certificación do Rexistro unha declaración xurada de que os datos que figuran na mesma non sufriron alteración algunha.

i) No seu caso, documentación acreditativa de que o plantel da empresa está integrada por un número de traballadores minusválidos, non inferior ao 2 por 100 da mesma.

Non obstante, e en virtude do establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, a documentación que deba ser incluída no sobre A, poderá ser substituída por unha declaración responsable do licitador na que dispoña que cumpre cos requisitos esixidos, sen prexuízo, de que se resulta adxudicatario, deberá aportar posteriormente a citada documentación.

8.6. O SOBRE "B" conterá a seguinte documentación:

- 1.- Oferta Económica conforme ao modelo que se xunta ao presente Prego como **Anexo I**. O IVE figurara como partida independente que non queda comprendida no prezo.
- 2.- Oferta de horas de servizo a disposición do Concello (a maiores das obrigadas polo prego)

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

9.1. Os interesados en participar na licitación deberán presentar a documentación requirida neste Prego, no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, dirixidos á Xunta de Goberno Local, de luns a venres (8.30 a 14.30 horas) e sábados (9.00 a 13.00), durante o prazo que se indique na invitación que se curse ao efecto (10 días naturais).

9.2. O licitador tamén poderá enviar os sobres á que se refire cláusula anterior, dentro do prazo de admisión expresado no apartado anterior, por correo ou en calquera dos outros lugares previstos no apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, respectándose sempre o segredo da oferta.

Cando se envíe por correo, o licitador xustificará a data e hora de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciará ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico ou Fax no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos, envío da documentación na forma indicada e aviso do envío, non será admitida a documentación si é recibida con posterioridade á data e hora de remate do prazo sinalado no anuncio de licitación.



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

Transcorridos, non obstante, cinco días seguintes á data indicada sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa será o órgano administrativo que cualificará os documentos presentados e procederá á apertura de proposicións, elevando a proposta de adxudicación Á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente para efectuar a adxudicación do contrato.

Terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: Sra. Alcadesa, ou persoa que a substitúa.

SECRETARIO: Funcionaria de Contratación ou persoa que a substitúa.

VOGAIS: Sra. Interventora, Sra. Tesoureira, Sr. Secretario da Corporación, Segundo Tenente de Alcalde e o Encargado de Vías e Obras ou persoas que os substitúan.

Calquera modificación da composición da Mesa será acordada polo Alcalde e comunicada a través do portal “perfil do contratante” da páxina web “www.cambados.es”.

A Mesa poderá recabar os informes técnicos que estime oportunos para adoptar a súa proposta.

DECIMOPRIMEIRA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.-

12.1. Os criterios de valoración das ofertas presentadas polos licitadores serán os seguintes coas porcentaxes que se indican:

12.1.1.- Oferta Económica: **60 %**, de acordo ca seguinte fórmula:

Puntuación = $60 \times \text{Menor oferta presentada} / \text{Oferta do licitador}$

12.1.2.- Oferta de horas de servizo a disposición do Concello (a maiores das que represente o prego):

- 50 horas: 10 puntos.

- 100 horas: 20 puntos.

- 150 horas: 30 puntos.

- 200 ou máis horas: 40 puntos.

12.2. En caso de igualdade entre dous ou máis licitadores, será preferida a proposición presentada por aquela empresa que teña no seu plantel un número de traballadores minusválidos non inferior ao 2 por 100 do mesma.

12.3. En canto ás ofertas con valores anormais ou desproporcionados estarase ao disposto no artigo 152 do TRLCSP.

DECIMOSEGUNDA.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO.



**ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS**
(PONTEVEDRA)

12.1. A Mesa de Contratación, examinará a documentación contida no sobre A e propondrá a admisión ou o rexeitamento, no seu caso, dos licitadores presentados. Si a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, o comunicará aos interesados mediante fax ou correo electrónico. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias reseñadas faranse públicas a través da páxina web do Concello “www.cambados.es” e concederá un prazo non superior aos tres días hábiles, para que o licitador corrixa ou subsane o erro ante a propia Mesa de Contratación, baixo apercibimento expreso de exclusión da licitación, no caso contrario.

12.2. O acto de apertura das proposicións económicas (sobre B) se celebrará no lugar, día e hora que se sinale nun acto público que se anunciará na páxina web do Concello cun mínimo de tres días de antelación a súa celebración. A celebración deste acto poderá coincidir coa xuntanza da Mesa de Contratación a que fai referencia o parágrafo anterior.

12.3. O acto de apertura das proposicións económicas deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas nos termos do artigo 160.1 TRLCSP.

12.4. A Mesa de Contratación elevará á Xunta de Goberno Local a pertinente proposta motivada de adxudicación que non creará dereito algún en favor do licitador proposto fronte á Administración.

12.5. A adxudicación provisional deberá ser notificada a todos os licitadores e publicada no perfil do contratante da páxina web desta Corporación.

12.6. Durante o prazo de dez (10) días hábiles desde a referida publicación da adxudicación provisional, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como xustificación de ter depositado a favor do Concello a garantía definitiva por importe dun 5 % de prezo de adxudicación, excluído o IVE, todo elo nos termos do artigo 151.2. do TRLCSP.

Igualmente deberá presentar coa dita documentación orixinal ou copia compulsada da póliza do Seguro de Responsabilidade Civil nos termos establecidos na cláusula 14ª deste Prego de Condicións.

DECIMOTERCEIRA.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO.

13.1. Ao tratarse da adxudicación dun contrato na que deben terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación definitiva pola Xunta de Goberno Local será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións nos termos do artigo 160.2. LCSP.



**ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)**

En todo caso, o órgano de contratación deberá adxudicar definitivamente o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación nos termos do artigo 151.3 LCSP.

13.2. De non cumprimentarse adecuadamente polo adxudicatario provisional o requirimento no prazo sinalado, se entenderá, de conformidade co disposto no artigo 151.2. LCSP, que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden no que quedaren clasificadas as ofertas.

13.3. A adxudicación definitiva deberá ser motivada e se notificará aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante nos termos do artigo 151.3 LCSP.

DECIMOCUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

14.1. O órgano de contratación requirirá o adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior aos cinco (5) días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que houbera recibido a notificación da adxudicación definitiva.

14.2. O contrato formalizárase en documento administrativo constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que se formalice en escritura pública, sendo a súa costa tódolos gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso o adxudicatario entregará unha copia autorizada da escritura, sen custe algún para lo Concello.

14.3. Ao contrato que se formalice unirase como anexo un exemplar do presente Prego, considerándose a tódolos efectos parte integrante do contrato.

DECIMOQUINTA.-INTERPRETACIÓN, EXECUCIÓN, MODIFICACIÓN, CUMPRIMENTO, RESOLUCIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

15.1. A Xunta de Goberno Local terá a prerrogativa de interpretar o convido, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificar a prestación por conveniencia do servizo e suspender a execución por causa de utilidade pública indemnizando, no seu caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados nos termos establecidos no TRLCSP.

15.2. Tódalas dúbidas e cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato serán resoltas pola Xunta de Goberno Local.

15.3. A interpretación, execución, modificación, cumprimento e resolución do contrato estarán suxeitas ás previsións contidas nos artigos 210 a 225 e 305 a 309 do TRLCSP.



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

15.4 O contratista poderá subcontratar con terceiros nos termos establecidos nos artigos 227 e 228 do TRLCSP a execución parcial de unidades obxecto do contrato.

DECIMOSEXTA.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

- A empresa adxudicataria virá obrigada á prestación do servizo obxecto do contrato con estrita suxeción ó disposto no presente prego.
- Os produtos de limpeza e maquinaria utilizada será de conta da empresa adxudicataria, que deberá dispoñer dos utensilios e produtos necesarios para a consecución dunha calidade óptima na prestación do servizo.
- Os produtos de limpeza utilizados deberán ser neutros e adecuados á superficie a limpar cumprindo a normativa medioambiental aplicable.
- A prestación do servizo deberá facerse no horario que non afecte ó normal desenvolvemento do traballo e actividades que se realizan nas dependencias municipais.
- A empresa adxudicataria responderá dos danos producidos ás instalacións ou mobiliario das dependencias municipais, realizados polo mal uso dos produtos ou maquinaria de limpeza.
- A empresa adxudicataria comprometerase a contratar ó persoal necesario para realizar de forma óptima a prestación del servizo, constituíndo con estes unha relación laboral e quedando polo tanto obrigado o adxudicatario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.
- A empresa de limpeza designará a unha persoa encargada do bo funcionamento, calidade e eficiencia da prestación do servizo, a través da cal o Concello manterá as correspondentes relacións respecto ó servizo.
- O persoal de limpeza deberá ir correctamente uniformado e identificado.
- O Concello poderá realizar inspeccións ó persoal de limpeza así como ó traballo realizado, elevando informe ó encargado da prestación do servizo.

O contrato executarase con suxeción ó establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo cas instrucións que para a súa interpretación dera ó contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais, son obrigas específicas:

- Dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para o cumprimento do contrato.
- Son exixibles ó contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, así como calesquera outros que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estes sinalen.



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

- O contratista está obrigado ó cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

DECIMOSÉTIMA.- PENALIDADES POR INCUMPLIMENTO

Cando o contratista, por causas imputables ó mesmo, incorrese en demora respecto ó cumprimento do servizo, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias establecidas no artigo 212.4 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo de 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables ó mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se fose designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non podan deducirse das mencionadas certificacións.

DECIMOITAVA.- XURISDICCION COMPETENTE

Os acordos da Xunta de Goberno Local porán fin á vía administrativa e contra os mesmos poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, con arranxo ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.